

ACTA NÚM. 15/2019.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2019.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 18 de decembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA.(PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.

CARLOS NOYA PEREIRA.

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.

NATALIA FARIÑA GARCÍA.

WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asisten:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 13 DE NOVEMBRO DE 2019.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.10.2019 AO 12.12.2019.

3º) APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS DE BANDO.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2020.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONSTITUCIÓN E APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APOIO Á SOLICITUDE DO IES DE BRIÓN PARA REFORZO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE VIARIA.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2019.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2019.

9º) MOCIÓNS.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 13 DE NOVEMBRO DE 2019.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión núm. 14/2019, do 13 de novembro de 2019.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.10.2019 AO 12.12.2019.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Data sinatura	Nº Decreto	Asunto
10/10/2019	00619/2019	DECRETO PREMIOS XXXVII CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAIA
10/10/2019	00620/2019	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OUTUBRO
10/10/2019	00621/2019	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA SETEMBRO
10/10/2019	00622/2019	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR BÁSICA SETEMBRO
10/10/2019	00623/2019	ALTA SAF LIBRE CONCORRENCIA EXPTE. 09/2019-M
10/10/2019	00624/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
10/10/2019	00625/2019	BAIXA RECIBO LIXO 253000617626
10/10/2019	00626/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/50
15/10/2019	00627/2019	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS DE PERSOAL E DE FUNCIONAMENTO DO CONVENIO DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS (2019)
15/10/2019	00628/2019	DECRETO CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA
15/10/2019	00629/2019	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 07/2019-D, 08/2019-D, 02/2018-M-D E BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE.

		02/2018-M
15/10/2019	00630/2019	CONTRATO MENOR CONTROL DE ACCESO E USO DO COWORKING DE MONTE BALADO
15/10/2019	00631/2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
15/10/2019	00632/2019	DESIGNACION POLICÍAS LOCALES PARA ELECCIÓN XERAIS NOVEMBRO 2019
15/10/2019	00633/2019	BAIXAS POR INSCRIPCIÓN INDEBIDA NO PADRÓN DE HABITANTES
15/10/2019	00634/2019	ADXUDICACIÓN CONTRATO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DO PROXECTO: PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VARIAS ZONAS URBANAS DO CONCELLO DE BRIÓN.
16/10/2019	00635/2019	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 2 E FINAL DA OBRA DE: MELLORAS DAS CONDICIÓNS ACÚSTICAS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEORTES SITO EN LAMIÑO: FALSO TEITO, DO POS + ADICIONAL 1/2018, 1ª FASE.
16/10/2019	00636/2019	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SUPERVISIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL.
17/10/2019	00637/2019	BAIXA RECIBO DO PADRÓN DO LIXO 253000772209
17/10/2019	00638/2019	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 10/2019-M
17/10/2019	00639/2019	NOMEAMENTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO INTERINO PROCEDENTE DA BOLSA DE TRABALLO VIXENTE.
17/10/2019	00640/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/51
17/10/2019	00641/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/52
17/10/2019	00642/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/53
18/10/2019	00643/2019	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A EMPREGADO MUNICIPAL PARA ACOMPAÑAMENTO DO EQUIPO DA ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL DE FÚTBOL.
18/10/2019	00644/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
21/10/2019	00645/2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
21/10/2019	00646/2019	PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2020
21/10/2019	00647/2019	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS AO PERSOAL MUNICIPAL. OUTUBRO 2019.
23/10/2019	00648/2019	DECRETO RECIBOS DE LIXO
23/10/2019	00649/2019	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CAMIÓN BASCULANTE CON GRÚA, DE SEGUNDA MAN.
24/10/2019	00650/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO

24/10/2019	00651/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
24/10/2019	00652/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/54
24/10/2019	00653/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/56
25/10/2019	00654/2019	APROBACIÓN DE FACTURA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO DE LOCAL PARA COWORKING.
25/10/2019	00655/2019	INCREMENTO SAF DEPENDENCIA EXPTE. 02/2008-M-D
25/10/2019	00656/2019	ORDENACIÓN DE PAGO DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA LOCAL DE COWORKING
28/10/2019	00657/2019	LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P. DE A.R.R.
30/10/2019	00658/2019	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 2 E FINAL DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESPAZO COLABORATIVO (COWORKING).
30/10/2019	00659/2019	CONTA XUSTIFICATIVA DE GASTOS DE PERSOAL POLO CONVENIO GES 2019. PREVENCIÓN CONTRA INCENDIOS. CONSELLERÍA MEDIO RURAL
30/10/2019	00660/2019	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. OUTUBRO 2019.
30/10/2019	00661/2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
30/10/2019	00662/2019	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. ÚNICA DA OBRA DO PROXECTO DE MELLORAS NO CONCELLO DE BRIÓN: INSTALACIÓN DE PAVIMENTO CONTINUO EN TRES PARQUES INFANTÍS.
30/10/2019	00663/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/59
30/10/2019	00664/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/60
31/10/2019	00665/2019	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - OUTUBRO 2019
04/11/2019	00666/2019	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2019
04/11/2019	00667/2019	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2019
04/11/2019	00668/2019	SOLICITUDE SUBVENCIÓN AEDL 2019
05/11/2019	00669/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
05/11/2019	00670/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
05/11/2019	00671/2019	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS ÚNICA DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS DE VAPOR DE MERCURIO POR LED NO ALUMEADO PÚBLICO DA PARROQUIA DE BOULLÓN.
05/11/2019	00672/2019	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2019: SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS DE VAPOR DE MERCURIO POR LED NO ALUMEADO PÚBLICO DA PARROQUIA DE BOULLÓN.

05/11/2019	00673/2019	DECRETO ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS
05/11/2019	00674/2019	DECRETO ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS
05/11/2019	00675/2019	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN CAMIÓN BASCULANTE CON GRÚA.
05/11/2019	00676/2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 06.11.2019.
07/11/2019	00677/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
07/11/2019	00678/2019	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANÓN DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2019.
07/11/2019	00679/2019	CONVOCATORIA PLENO E COMISIÓNS INFORMATIVAS.
08/11/2019	00680/2019	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE. 09/2019-M
08/11/2019	00681/2019	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. NOVIEMBRE 2019.
11/11/2019	00682/2019	APROBACIÓN DE AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS POR IRPF E IVA. MODELO 111 E 303. OUTUBRO 2019
11/11/2019	00683/2019	DECRETO TAXA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NOVIEMBRE
12/11/2019	00684/2019	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA OUTUBRO
12/11/2019	00685/2019	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR BASICA OUTUBRO
12/11/2019	00686/2019	LIQUIDACIÓN ACHEGAS COTAS PLAN TRANSPORTE METROPOLITANO 2018-2019 E RECTIFICACIÓN 2017
12/11/2019	00687/2019	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (LB/10.19) - OUTUBRO 2019
12/11/2019	00688/2019	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (LB/11.19) - NOVIEMBRE 2019
13/11/2019	00689/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/65 - ENERXÍA ELÉCTRICA
13/11/2019	00690/2019	BAIXA RECIBO DO LIXO 253000656739
13/11/2019	00691/2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
14/11/2019	00692/2019	ORDENACIÓN DE PAGOS REC 04/2019
14/11/2019	00693/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
14/11/2019	00694/2019	VACACIÓNS DOS MAIORES PRAGA 2019
15/11/2019	00695/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/66
15/11/2019	00696/2019	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15/2019
18/11/2019	00697/2019	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE ELEMENTOS PARA A INSTALACIÓN DUN PARQUE INFANTIL NA ESCOLA MUNICIPAL.

18/11/2019	00698/2019	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA A INSTALACIÓN DUNHA CUBERTA NO PATIO COMÚN DA ESCOLA INFANTIL DE BRIÓN
18/11/2019	00699/2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 19.11.2019.
18/11/2019	00700/2019	DECRETO ANUNCIO NO DOG
18/11/2019	00701/2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLA OBRA DE INSTALACIÓN DUN TOLDO PARA CUBRIR UN LUCERNARIO NA ESCOLA INFANTIL
18/11/2019	00702/2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DUN TOLDO PARA A ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE BRIÓN.
21/11/2019	00703/2019	APROBACIÓN DE ANTICIPO REINTEGRABLE A PERSOAL MUNICIPAL.
21/11/2019	00704/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
21/11/2019	00705/2019	INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO
22/11/2019	00706/2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE OBRA PARA A INSTALACIÓN DUN LUCERNARIO NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL.
22/11/2019	00707/2019	PERSOACIÓN NO P.O. 0000434/2019 , ENCOMENDANDO A DEFENSA AO LETRADO C.A.L.
22/11/2019	00708/2019	COMPENSACIÓN PAGO FACTURA LA VOZ DE GALICIA
25/11/2019	00709/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
25/11/2019	00710/2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 26.11.2019.
26/11/2019	00711/2019	LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P. DE M.B.V.
26/11/2019	00712/2019	LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P. DE B.B.G.V
26/11/2019	00713/2019	LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P. DE S.C.S
27/11/2019	00714/2019	ALTA SAF DEPENDENCIA EXP.TES. 11/2019-D, 12/2019-D e 13/2019-D
27/11/2019	00715/2019	DECRETO PADRÓN 1º TRIMESTRE ESCOLA DE MÚSICA CURSO 2019/2020
27/11/2019	00716/2019	DECRETO PADRÓN 1º TRIMESTRE ACTIVIDADES PREVENCIÓN E INSERCIÓN CURSO 2019/2020
27/11/2019	00717/2019	INSCRICIÓN DE ANIMAIS P.P. NO REXISTRO MUNICIPAL.
27/11/2019	00718/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/67 ENERXÍA ELÉCTRICA
28/11/2019	00719/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
28/11/2019	00720/2019	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. NOVIEMBRE 2019
29/11/2019	00721/2019	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2019

29/11/2019	00722/2019	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2019
29/11/2019	00723/2019	CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS DE PERSOAL POLO CONVENIO DO GES 2019. MEDIO RURAL. EXTINCIÓN DE INCENDIOS.
29/11/2019	00724/2019	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - NOVIEMBRE 2019
29/11/2019	00725/2019	CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO POLO CONVENIO GES 2019. ADMINISTRACIÓN LOCAL.
29/11/2019	00726/2019	APROBACIÓN DE PRODUCTIVIDADE 3ºT2019. PERSONAL FUNCIONARIO.
29/11/2019	00727/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019-69
29/11/2019	00728/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019-70
29/11/2019	00729/2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019-68
04/12/2019	00730/2019	DECRETO RELACIÓN DE FACTURAS SUBVENCIÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL
04/12/2019	00731/2019	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DE INMOBLE PARA A CONSTRUCCIÓN DE AUDITORIO MUNICIPAL.
04/12/2019	00732/2019	CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN EIM 2019
04/12/2019	00733/2019	SOLICITUDE DE INFORME DA POLICÍA LOCAL SOBRE RUTAS E FRECUENCIAS DE RECOLLIDAS DE RSU NESTE CONCELLO POR PARTE DE FCC S.A.
04/12/2019	00734/2019	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/2019
05/12/2019	00735/2019	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DO 16.10.2019 DE MODIFICACIÓN DA O.F. REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.
05/12/2019	00736/2019	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DO 16.10.2019 DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA O.F. REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.
05/12/2019	00737/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
05/12/2019	00738/2019	BASES CONCURSO TARXETAS NADAL 2019
09/12/2019	00739/2019	SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS SITUADA EN BANDO.
09/12/2019	00740/2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10.12.2019.
03/12/2019	00741/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
11/12/2019	00742/2019	DECRETO PADRÓN AXUDA A DOMICILIO BÁSICA NOVIEMBRE
11/12/2019	00743/2019	DECRETO PADRÓN AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA NOVIEMBRE

11/12/2019	00744/2019	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DECEMBRO
11/12/2019	00745/2019	DECRETO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO
11/12/2019	00746/2019	DECRETO PADRÓN SERVIZOS CULTURAI, EDUCATIVOS, DEPORTIVOS E DE OCIO 1º PRAZO CURSO 2019-2020
12/12/2019	00747/2019	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS
12/12/2019	00748/2019	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS DE BANDO.

Dada conta da resolución da alcaldía do 09.12.2019, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 17.12.2019, que transcrita di:

O Concello en sesión plenaria realizada o 30 de xaneiro de 2006, acordou adherirse á Fundación Pública Refuxio de Animais situada en Bando - Santiago de Compostela. O período mínimo de permanencia era de dez anos. Non obstante, o Concello en sesión plenaria do 19 de outubro de 2011, acordou revogar e en consecuencia deixar sen efecto o acordo plenario do 30 de xaneiro de 2006, por supoñer naquel momento un custo excesivo para as arcas municipais.

Actualmente, por un lado a situación económica do Concello mellorou notablemente, cúmprense os obxectivos de estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e mesmo, neste momento, non se ten préstamo bancario algún concertado nin se prevé a súa necesidade. Así mesmo, o Concello cumpre a lei de morosidade e non ten pagos pendentes no período de pago a provedores.

Por outro lado, a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, establece no artigo 22 que “os Concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo termo municipal e albergaranos en centros de recollida inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios/as, sexan acollidos ou adoptados “.

En ningún caso poderán ser sacrificados salvo prescrición de eutanasia realizada por un facultativo veterinario de forma rápida e indolora coa aplicación de sedación cando o manexo do animal poida supoñer un estres ou sufrimento adicional (artigo 15 da citada Lei 4/2017).

En canto ao custo económico, resulta ser o seguinte:

Parte fixa: 1,44 €/habitante. Brión ten á data da última rectificación do padrón de habitantes aprobada polo INE a 01.01.2018: 7.748 habitantes, polo que o importe ascende a: 11.157,12 €.

Parte variable: 34 € por animal ingresado no Refuxio (a recollida corre a cargo do Concello posto que a Fundación non presta o servizo de lacería); é un único pago con independencia do tempo que o animal permaneza no centro, a facturación é mensual e nela figurarán desglosados ambos conceptos.

Á vista de todo o cal, e co fin de tramitar a incorporación do Concello á maior brevidade posible, resolvo:

1º) Solicitar a adhesión á Fundación Refuxio de Animais situada en Bando, Santiago de Compostela, nas condicións económicas seguintes:

Parte fixa: 1,44 € por habitante.

Parte variable: 34 € por animal ingresado no Refuxio.

2º) Remitir este acordo á citada Fundación e ao Concello de Santiago de Compostela.

3º) Do presente decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, para os efectos da súa ratificación.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira pregunta se contemplouse algunha outra posibilidade, porque Ames por exemplo ten un convenio co refuxio de Cambados.

O Sr. Alcalde sinala que ninguén mostrou nin tan sequera interese neste asunto, e que na Deputación estase estudando o tema; que neste momento estase pagando unha barbaridade por mor da lei autonómica, por moi boa que poda ser, que non está dotada de cartos, e que con este ingreso se aforra un 75% sobre o que se paga agora e se no seu día nos podemos adherir ao da Deputación o faremos ao que resulte máis barato.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación da resolución da alcaldía, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación da resolución da alcaldía nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2020.

Dada conta da proposta da alcaldía do 09.12.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 17.12.2019, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2020" da Deputación, publicadas no BOP do 31.10.2019.

Vista a circular sobre aprobación das bases remitida pola Deputación mediante escrito de outubro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 3552, do 29.10.2019, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
--	--------------------	--------------------	--------------

Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	0	0	0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	217.754,24
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	217.754,24

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2020	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO DE BRIÓN: LAMIÑO - LIÑARES.	52.698,51	864,41	53.562,92
Subtotal investimentos achega provincial 2019	52.698,51	864,41	53.562,92

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo	Achega	Orzamento total
	Deputación	Concello	
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020
---------------------	------------------	--------------------------

	préstamo	aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019			
	Achega 2020			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	217.754,24		217.754,24
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020			
	Achega 2019	52.698,51	864,41	53.562,92
	Préstamo 2020			
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020			
TOTAL	Achega 2020	217.754,24		217.754,24
	Achega 2019	52.698,51	864,41	53.562,92

Préstamo 2020			
TOTAL	270.452,75	864,41	271.317,16

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE ALDEAS E CAMIÑOS NO CONCELLO DE BRIÓN: TRASOUTEIRO - BRIÓN DE ARRIBA - SAÍME E CAMIÑO EN ESPÍNEIROS.	115.846,93
PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE BRIÓN: CHAVE DE PONTE, RÚA GONDAR, CABANAS – SAIME, BASTAVALIÑOS, SOUTULLOS E BEMIL.	146.774,90
TOTAIS	262.621,83

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONSTITUCIÓN E APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 14.11.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 17.12.2019, que transcrita di:

Antecedentes:

1.- Sinatura dun Protocolo de Intencións para a colaboración entre os Concellos de Muros, Outes, Noia, Porto do Son, Lousame, Rois, Brión, Ames e Santiago de Compostela, para a promoción conxunta do Camiño de Santiago pola ría de Muros Noia, asinado en Noia con data de 3 de xuño de 2016.

2.- Aprobación por decreto desta alcaldía do día 31 de outubro de 2018 do Convenio de colaboración entre os Concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela para delimitación do itinerario cultural a Santiago da ría Muros Noia.

Lexislación aplicable:

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Lei 5/2016 do 4, de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local nos artigos 22.2.b), 25.2.a) e h), 47.2.g) e Disposición adicional quinta.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Motivación:

Co obxecto de promover actividades e prestar servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, entre elas a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, e posto que parte do noso territorio municipal forma parte do percorrido da ruta histórica coñecida como "Camiño a Santiago da Ría de Muros Noia", o Concello de Brión xunto cos Concellos de Santiago de Compostela, Ames, Rois, Lousame, Noia, Outes, Muros e Porto do Son, manifestan a súa vontade de constituír unha asociación denominada "Asociación Camiño da Ría de Muros Noia". Para tal fin foi elaborada unha proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos.

O Concello de Brión manifesta a súa vontade de integrarse como socio fundador na Asociación Camiño da Ría de Muros Noia, xa que ao entender desta alcaldía, o noso concello non debería deixar pasar esta oportunidade de colaborar e xuntar esforzos cos outros concellos xa mencionados de cara a nun futuro acadar o recoñecemento do Camiño a Santiago da Ría de Muros Noia como ruta histórica e posteriormente a súa declaración oficial como Camiño de Santiago.

Folga mencionar o enorme interese de carácter turístico, social, cultural, histórico e xerador de emprego que ten para o Concello de Brión formar parte dun novo Camiño de Santiago.

Fins principais da Asociación Camiño da Ría de Muros Noia:

Tal e como recolle o artigo 5 da proposta de Estatutos esta asociación nace coa finalidade principal de promocionar a ruta xacobeá coñecida como Camiño da Ría de Muros Noia, con independencia de que poida tomar outra denominación en función do que determinen as investigacións históricas ou os recoñecementos oficiais, e os seus fins principais son:

- a) A delimitación do itinerario histórico da ruta e o seu recoñecemento oficial como Camiño de Santiago a efectos de patrimonio cultural e ruta turística xacobeá.
- b) A investigación, documentación, catalogación, difusión e fomento da cultura xacobeá e do patrimonio natural e cultural dos concellos implicados.
- c) Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño da Ría de Muros Noia.
- d) Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e cultural do Camiño da Ría de Muros Noia.
- e) Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño da Ría de Muros Noia.
- f) Canalizar a promoción turística do Camiño da Ría de Muros Noia, así como a elaboración de programas turísticos e medio ambientais.
- g) Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia.
- h) Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- i) Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
- j) Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- k) Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
- l) Representar aos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
- m) Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- n) Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

Repercusións económicas para o Concello de Brión:

O capítulo V da proposta de Estatutos fai referencia ao réxime económico que rexerá na devandita asociación. O artigo 23.b) dispón que “para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros”. O artigo

24.1.a) dispón que “as cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros”. O artigo 24.2) dispón que “as cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola Asemblea Xeral”.

O artigo 24.3) dispón que “o abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas”.

Visto o informe conxunto de secretaría e intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

1º) Acordar a constitución da Asociación Camiño da Ría de Muros Noia na que se integrará o Concello de Brión.

2º) Prestar conformidade ao borrador de estatutos da Asociación Camiño da Ría de Muros Noia que figuran como anexo.

3º) Designar como representante municipal de índole político ao alcalde do Concello de Brión e ao concelleiro/a de turismo.

4º) Facultar ao señor alcalde do Concello de Brión para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a xestión e execución deste acordo.

Anexo.

ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA.

CAPÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL.

Artigo 1º. Constitución e denominación.

1. Constitúese unha Asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A Asociación ten a seguinte denominación: “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA”

2. A Asociación rexerese polos presentes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º. Domicilio social.

No momento da constitución o domicilio da Asociación radicará na Casa do Concello de Lousame, en Portobravo, nº 1, Lousame (A Coruña).

Artigo 3º. Ámbito territorial.

A Asociación, en función dos seus fins e do seu emprazamento social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial dos concellos que a integran. Poderá, en todo caso, realizar actuacións fóra deste territorio sempre que respondan á finalidade e obxectivos recollidos nestes Estatutos.

Artigo 4º. Duración.

1. A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

3. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º. Fins da Asociación.

1. A Asociación constitúese coa finalidade principal a promoción da ruta xacobeá coñecida como Camiño da Ría de Muros Noia, con independencia de que poida tomar outra denominación en función do que determinen as investigacións históricas ou os recoñecementos oficiais.

2. Son fins principais da Asociación:

- a. A delimitación do itinerario histórico da ruta e o seu recoñecemento oficial como Camiño de Santiago a efectos de patrimonio cultural e ruta turística xacobeá.
- b. A investigación, documentación, catalogación, difusión e fomento da cultura xacobeá e do patrimonio natural e cultural dos concellos implicados.
- c. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño da Ría de Muros Noia.
- d. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e cultural do Camiño da Ría de Muros Noia.
- e. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño da Ría de Muros Noia.
- f. Canalizar a promoción turística do Camiño da Ría de Muros Noia, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
- g. Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia.
- h. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- i. Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
- j. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- k. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
- l. Representar aos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
- m. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- n. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

3. Para levar a cabo os seus fins a Asociación poderá:

- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño da Ría de Muros Noia nos concellos membros.
- c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
- h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6º. Admisión de asociados.

1. A Asociación está integrada, no momento da súa constitución, polos concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela.
2. Poderán formar parte da Asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia, unha vez estea oficialmente delimitado e con

independencia da denominación oficial que se adopte. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.

3. A alta será solicitada polo alcalde ou Presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da Asociación, quen dará conta á Asemblea Xeral, que acordará acceder ou non á admisión.

4. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da Asemblea Xeral.

5. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á Asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º. Dereitos dos membros da Asociación.

Son dereitos dos membros da Asociación:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da Asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar ao Presidente reunir á Asemblea Xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º. Obrigas dos socios da Asociación

Son obrigas dos membros da Asociación.

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da Asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. Perda da condición de socio.

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.4.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da Asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da Xunta Directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a Asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da Asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

1. Poderán participar na Asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia.
2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da Asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a Asemblea Xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º. Órganos de goberno.

Os órganos de goberno da Asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da Asociación e está formada polo Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un Vogal.

Artigo 12º. A Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da Asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º. Competencias da Asemblea Xeral.

Son competencias da Asemblea Xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos.
- b. Aprobar o plan de actuacións da Asociación.
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- e. Disolver a Asociación.
- f. Establecer a estrutura organizativa.
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º. Reunións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral.

1. As sesións que celebre a Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A Asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a Asemblea Xeral sempre que asistan o Presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o Secretario da Asociación.

Artigo 15º. Convocatoria das reunións da Asemblea Xeral

1. Tanto para a Asemblea Xeral ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.
2. Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta Asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º. Acordos da Asemblea Xeral.

Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

Artigo 17º. Presidencia da Asemblea Xeral.

As reunións da Asemblea Xeral estarán presididas polo Presidente, asistido do Secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º. Elección de órganos unipersonais.

1. A Presidencia da Asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola Asemblea Xeral. O Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e o Vogal que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen.
2. A Vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º. Mandato dos membros da Xunta Directiva.

1. A duración do mandato do Presidente será de catro anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á Asemblea.
 - b. Por perda da condición de membro da Asociación.
 - c. Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte Asemblea Xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de Presidente, Secretario e Tesoureiro.

Artigo 20º. Atribucións do Presidente.

O Presidente da Asociación serao tamén da Asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á Asociación.
- b. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e vogo de calidade.
- c. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- d. Ordenar e autorizar pagos.
- e. Asinar en nome da Asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO IV DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º. Atribucións da Xunta Directiva.

1. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:
 - a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da Asociación.
 - b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola Asemblea Xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
 - c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos financeiros e inventario dos bens da Asociación e dea parte á Asemblea Xeral.
 - d. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
 - e. Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.
 - f. Velar polo bo funcionamento da Asociación.
 - g. As competencias que o Presidente ou a Asemblea Xeral deleguen nela.
2. A duración do mandato dos membros de Xunta Directiva será de catro anos, podendo seren reelixidos pola Asemblea Xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º. Funcións da Secretaría e da Tesourería.

Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:
 - a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
 - b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da Asociación.

c. Levantar actas dos acordos chegados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do Presidente.

2. Son funcións da Tesourería:

a. Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde a contabilidade.

b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente.

c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da Asociación.

CAPÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 23º. Patrimonio da Asociación.

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

a. Terá un carácter non lucrativo.

b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.

c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta Asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.

e. Os beneficios obtidos pola Asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

f. Anualmente a Xunta Directiva presentará á Asemblea Xeral a unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral.

g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a Asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

2. O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

3. A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 24º. Recursos económicos da Asociación.

1. Os recursos da Asociación procederán de:

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.

b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.

c. As subvencións ou doazóns que se reciban.

d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola Asemblea Xeral.

3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

4. A Asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta Asociación.

5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da Asociación, nese caso o peche será o da Asemblea Xeral que aprobe a disolución.

A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 25º. Modificación de Estatutos.

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

CAPÍTULO VII

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 26º. Acordo de disolución.

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

- a. Por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria.
- b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- c. Por resolución xudicial e firme.

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APOIO Á SOLICITUDE DO IES DE BRIÓN PARA REFORZO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE VIARIA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 10.12.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 17.12.2019, que transcrita di:

O Consello Escolar do Instituto de Educación Secundaria de Brión con data 24.10.2019, tomou de xeito unánime, o seguinte acordo:

Este curso son máis as alumnas e alumnos do Instituto de Educación Secundaria de Brión que veñen acotío a pé ao instituto: incrementouse a matrícula e apenas quedan prazas libres no transporte escolar para dar cabida ao alumnado que está a menos de 2 quilómetros do centro. Trátase ademais en moitos casos de rapaces dos primeiros cursos da ESO, unha cifra que se incrementará en poucos meses, do que unha parte importante do alumnado que se

incorporará ao instituto no curso 2020-2021 procede tamén da contorna do lugar de Os Ánxeles.

A comunidade educativa de Brión considera que é mellorable a iluminación na beirarrúa que leva ao paso de peóns baixo a autovía. Tamén reclaman que se faga máis visible ese punto, por exemplo con sinalización vertical luminosa nos dous sentidos de circulación, e mesmo elevado o paso de peóns para disuadir aos condutores de circular a velocidade excesiva.

Estas sinxelas medidas serán de gran axuda para garantir un tránsito máis seguro do alumnado. Algo moi importante á hora de entrada do alumnado, especialmente en outono e inverno, cando é practicamente de noite. Tamén virán a completar ademais outras accións que está xa a poñer en marcha o Concello de Brión nos treitos da súa competencia.

Considerando esta alcaldía moi importante apoiar este acordo do Consello Escolar, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Apoiar a solicitude do IES de Brión para que a Xunta de Galicia reforce as medidas de seguridade viaria na rotonda da AC-451 situada baixo a autovía AG-56.

2º) Remitir este acordo á Xunta de Galicia.

Debate:

O Sr. Alcalde presenta in voce a seguinte emenda de adición:

3º) Apoiar a demanda do transporte escolar.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, coa emenda de adición, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda en consecuencia aprobado o seguinte acordo:

1º) Apoiar a solicitude do IES de Brión para que a Xunta de Galicia reforce as medidas de seguridade viaria na rotonda da AC-451 situada baixo a autovía AG-56.

2º) Remitir este acordo á Xunta de Galicia.

3º) Apoiar a demanda do transporte escolar.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2019.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 3º trimestre de 2019, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2019.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 3º trimestre de 2019, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

9º) MOCIÓNS.

Aprobase por unanimidade dos once membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

9.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE BEIRARRÚAS E ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE SEGURIDADE EN MOURENTÁNS.

A Srª Concelleira Fariña Bellón da lectura á moción sinalada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Como consta no escrito de data 13 de agosto de 2018 que se xunta, presentado por veciños da aldea de Mourentáns, solicitouse a este Concello:

- A necesaria a construción dunha beirarrúa na citada aldea, onde existe tránsito de peóns tanto de día como de noite.
- A colocación de semáforos que se activen polo exceso de velocidade.
- A construción de badéns elevados para a redución da velocidade.

Todos sabemos que é a estrada AC-1302 que une Negreira con Urdilde, dependente da Deputación de A Coruña e que conta con elevado tránsito de vehículos.

Por todo o exposto anteriormente, este grupo municipal propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1º) Tomar as medidas precisas para solicitar á Deputación da Coruña a construción de beirarrúas na aldea de Mourentáns e adoptar as medidas necesarias para protexer aos veciños e viandantes desta zona.

O escrito que se xunta á moción é do seguinte teor:

Os veciños da aldea de Mourentáns e en especial os residentes nas parcelas adxacentes á estrada AC-1302 que une Negreira con Urdilde (actualmente 16 veciños), cada vez que temos que realizar un percorrido peonil, xa sexa para acompañar aos nenos á parada do autobús de transporte escolar, levar os lixos ao punto de contedores de recollida ou outro de calquera outra índole, vémonos obrigados a realizar estes traxectos polas beiravías da vía xa que non existe ningún percorrido alternativo.

Esta é unha ruta moi frecuentada polo tráfico rodado entre os municipios antes citados. As beiravías desta estrada, no tramo afectado, teñen unhas dimensións que apenas chegan a medio metro de anchura e inmediatamente ao seu lado discorren uns cunetóns de profundidade considerable.

O tramo en ambos os lados ten unha limitación de velocidade máxima de 70 km / h e na súa parte central de 50 km/ h que practicamente ninguén respecta xa que ademais é un tramo da estrada totalmente recto.

Tendo en conta o comentado consideramos que existe un risco de atropelo moi importante agravado máis aínda debido a que gran parte dos residentes da zona son persoas anciás con capacidade de reacción moi limitada.

Polos motivos expostos os veciños asinantes deste documento solicitamos a adopción das seguintes medidas de seguridade antes de que se produza unha desgraza irreversible:

- Construción de beirarrúas a ámbolos lados da estrada.
- Colocación de semáforos que se que se activen polo exceso de velocidade no tramo.
- Construción de badéns elevados para a redución de velocidade.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que non podo estar de acordo, me parece discriminatoria con respecto a outros lugares e non entendo porque é perigoso pasear por Mourentáns, e presento a seguinte emenda á moción, porque temos que pedir para todos os veciños, senón o noso voto sería contrario:

1º) Solicitar tanto á Xunta de Galicia como á Deputación que melloren as estradas da súa titularidade ao paso dos núcleos de poboación do Concello, e de forma significativa o tramo de San Salvador – Perros.

A Srª Concelleira Fariña Bellón sinala que acepta a emenda, que presenteí a moción porque coñecín esa demanda, pero que mellor no conxunto que nun só lugar.

Votación e resultado:

Sometida a votación a emenda aceptada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobado o seguinte acordo:

1º) Solicitar tanto á Xunta de Galicia como á Deputación que melloren as estradas da súa titularidade ao paso dos núcleos de poboación do Concello, e de forma significativa o tramo de San Salvador – Perros.

9.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DEFENSA DAS LIBERDADES EDUCATIVAS CONSAGRADAS NA CONSTITUCIÓN.

A Srª Concelleira Fariña Bellón da lectura da moción sinalada, que transcrita di:

Exposición de motivos.

Os pais son os primeiros responsables da educación dos seus fillos. Ese papel non pode ser substituído nin condicionado polo Estado, ao contrario, os pais deben ter a seguridade de que o Estado lles protexe e garante os seus dereitos.

A Constitución Española de 1978 situou o art. 27, "Todos teñen dereito á educación. Se recoñece a liberdade de ensinanza" no seu título Primeiro "Dos dereitos e deberes fundamentais". Non foi unha decisión casual, senón que respondeu á vontade dos constituíntes para que ambos os dereitos se atopasen nun plano de igualdade e fundamental.

Ao longo dos corenta anos de vixencia da Constitución, as diferentes reformas educativas defenderon con maior ou menor paixón ambos os dereitos, desenvoltos e reafirmados tamén pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

Con todo, o último proxecto de lei do partido socialista -a chamada LOMLOE- cuestiona o primeiro gran pacto educativo da Transición ao tentar limitar as liberdades educativas recoñecidas na Constitución.

As recentes manifestacións da ministra de educación, que a pesar da abundante normativa e

xurisprudencia, entre elas a Declaración Universal dos Dereitos Humanos que no seu art. 26.3 establece que "os pais terán dereito preferente a escoller o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos" xeraron unha gran alarma social por canto cuestionan que os pais poidan elixir a educación dos seus fillos algo que se materializa cando as familias elixen un centro educativo e non outro.

Ignora tamén a ministra que o art. 27.3 da Constitución Española establece con claridade que "Os poderes públicos garanten o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións".

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular no Concello de Brión, presenta a seguinte moción:

1. Respetar e defender a Constitución Española e a xurisprudencia emanada do Tribunal constitucional en relación ao art. 27, que sitúan no mesmo plano de igualdade o dereito á educación e a liberdade de ensino, mediante un desenvolvemento harmónico de ambos os dereitos.
2. Garantir que os pais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos, elixan o tipo de educación e o centro educativo onde escolarizar aos seus fillos.
3. Defender a rede de centros concertados como garantes da existencia dunha oferta plural complementaria á rede pública, tal e como manifestou o Tribunal Constitucional, e por tanto da liberdade de elección das familias, asegurando a igualdade de oportunidades das mesmas no exercicio deste dereito o que implica que ambas as redes, pública e privada - concertada terán que ter os recursos necesarios que aseguren este dereito.
4. Promover e apoiar a autonomía organizativa e pedagóxica dos centros, respectando o carácter propio dos mesmos, para desenvolver proxectos educativos de calidade que poidan responder as inquietudes e prioridades das familias co fin de que estas poidan elixir con total liberdade.
5. Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada - concertada como garantes da liberdade de elección das familias.
6. Respetar e cumprir o art. 27.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
7. Abandonar calquera intento dirixido a suprimir a demanda social do art. 109.2 da LOMCE como factor determinante por parte das administracións á hora de ofertar as prazas educativas.
8. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España para que, a través do cumprimento de todos os puntos desta proposta, defenda e garanta as liberdades educativas consagradas na Constitución Española.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que estamos en desacordo coa maior parte das cousas da moción e votaremos en contra, porque nós consideramos necesario o apoio á escola pública e que nos últimos anos detraéronse recursos da pública para a concertada e debía ser ao revés, porque na concertada están alumnos con maior estatus social que na pública, hai unha discriminación por motivos económicos, e tamén está o tema da formación relixiosa, que non debe necesariamente facerse na escola, nos centros educativos, por todo iso votaremos en contra.

O Sr. Alcalde sinala que comprendo a presentación da moción, que responde ao ordeno e mando desde Madrid en todos os concellos; me parece preocupante que non se defenda os intereses dos veciños en materias da nosa competencia, que non se preocupen dos intereses xerais dos cidadáns, senón de determinados cidadáns, e que o modelo concertado foi posto en

marcha por un goberno socialista cando a escola pública non tiña capacidade para asistir a todos, e remata sinalando que o que di a Constitución é liberdade de ensinanza, non liberdade de elección de centro, e por todo o exposto votaremos en contra.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Votos en contra: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e BNG (1).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

9.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A EMIGRACIÓN.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira da lectura da moción que transcrita di:

Exposición de motivos.

*Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten pais.
E téis corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.*

No poema Pra a Habana!, a nosa poeta, Rosalía de Castro, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de Cantares Gallegos este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017 - últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, das cales case 80 mil tiñan entre 16 e 29 anos. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

Na época na que Rosalía escribiu Pra a Habana! a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o Pleno do Concello de Brión adopta os seguintes acordos:

1º) Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas. Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e da creación de emprego digno e de calidade.
- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

2º) O compromiso desde o Concello de Brión e o seu goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal e das TIC.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que o obxecto da moción é que se tome conciencia de que está a marchar moita xente e moita é xente nova, xente que non ten futuro e teñen que emigrar cando rematan de estudar, e que tamén coñeza o Parlamento de Galiza que hai que traballar nesa liña.

O Sr. Alcalde sinala que imos votar a favor, e sinala que é significativo que onte na televisión dixeran que o 30% dos nacementos por cesáreas que se fan é porque son en idade moi tardía, que é unha traxedia tremenda isto, e nos gustaría que se recoñecera que o Concello está a traballar na medida do posible nisto, así o venres pasado inauguramos o centro de coworking destinado ao sector primario, agrogandeiro.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

10.1. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do BNG.

1. ACCESIBILIDADE AOS ASEOS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

A Biblioteca municipal situada na Carballeira de Pedrouzos presenta un problema evidente cos aseos para os usuarios deste equipamento. A situación actual dos aseos fainos completamente inaccesibles para todas as persoas con problemas de mobilidade pero tamén é un acceso incómodo e mesmo perigoso para calquera.

- 1- Ten feito o goberno municipal algo para mellorar esta situación?
- 2- Que solución se lle vai dar a este problema?
- 3- Cando teñen previsto realizar estas necesarias melloras?

Responde o Sr. Alcalde que efectivamente están na planta baixa e non son moi seguros, e imos intentar construír uns servizos no ano 2020 na parte de arriba.

2. PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE BRIÓN.

Este grupo municipal ten preguntado noutras ocasións pola necesidade de contarmos, os veciños e veciñas de Brión cun lugar onde depositar distintos residuos para o seu tratamento axeitado e a súa reciclaxe. Pasado xa tempo desde que o goberno municipal manifestou estar valorando distintas opcións para solucionar este tema preguntamos:

- 1- Que ten feito o goberno municipal ao respecto?
- 2- Valoráronse as opcións de constitución dun punto limpo propio do Concello de Brión e a posibilidade dun de uso compartido con algún Concello veciño?
- 3- Valorouse a conveniencia e posibilidade de contar con punto limpo móbil, exclusivo ou compartido con algún Concello veciño?
- 4- Cando contaremos cun punto limpo en funcionamento?

Responde o Sr. Alcalde que non é a nosa intención ter un propio, prantexamos asinar un convenio co Concello de Ames para utilizar o de Ames e estamos en negociación coa empresa que leva o de Ames para facer un móbil neste Concello, estamos tratando os dous temas.

3. PROBLEMAS NO SERVIZO DE TELEFONÍA MÓBIL.

Distintas partes do noso Concello sofren a día de hoxe grandes carencias nuns servizos que na actualidade son imprescindibles para o desenvolvemento normal das actividades de empresas, autónomos e de calquera familia: os servizos de telefonía e datos, tanto móbiles como por fibra óptica.

- 1- Ten o Concello datos precisos das zonas do noso territorio con carencias nestes servizos?
- 2- Que xestións ten realizado o Concello diante das distintas empresas prestadoras destes servizos para acadar as mellor as que se necesitan con urxencia? Tense tratado este tema coa Xunta de Galicia?

Solicitamos do goberno municipal que encabece as xustas demandas dos veciños afectados por estas carencias e, conxuntamente cos grupos políticos, veciños e distintos colectivos sociais se fagan as xestións e a presión necesaria para resolver canto antes esta situación.

Responde o Sr. Alcalde que fixemos todas as xestións desde o primeiro momento e este asunto o leva a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, sempre falamos con eles e entre o 2018 e 2020 Telefónica de España vai facer estes servizos en moitos lugares do Concello, a inmensa maioría do Concello, que mandounos hoxe un fax cos lugares que xa están aprobados, pero a Xunta ten un novo proxecto de investimento de 5.000.000 de euros, quédannos moi poucas aldeas sen servizo e imos intentar que as catro ou cinco aldeas que non están aquí entren na nova planificación.

4. AUDITORIO MUNICIPAL.

Este Concello leva dando pasos de cara á construción dun Auditorio Municipal certamente necesario para a realización de distintas actividades en condicións óptimas.

Preguntamos: cales son os seguintes pasos que ten previsto o Concello e cal é a previsión de prazos?

A realización dun proxecto da envergadura dun auditorio debe partir de ter claras e do xeito máis consensuado posible, as necesidades que se queren cubrir. Hai que ter en conta as circunstancias actuais e as que poidan aparecer nun futuro, as características técnicas que necesitan as persoas que actúan e as dimensións e comodidades que ha de ter a parte destinada ao público, os distintos usos que se lle poden dar a este espazo, etc.

O noso concello conta con veciños e veciñas con moita experiencia en distintos temas relacionados coa cultura (música, teatro, xestión cultural, profesorado de distintos niveis, conferenciantes, etc) polo que solicitamos a constitución dunha comisión na que voluntariamente participen aquelas persoas ligadas aos distintos ámbitos de interese para a utilización do futuro auditorio e a súa xestión para que poida asesorar ao Concello antes de que se realice o proxecto dunha infraestrutura que, por inversión e esforzo ten que axeitarse o mellor posible ás necesidades e posibilidades do pobo de Brión durante moito tempo.

Responde o Sr. Alcalde que cando se faga o proxecto sacárase a concurso de ideas, respecto da estimación de prazos nin idea de momento, porque non temos financiamento; non vai

encargarse ningún proxecto, vaise facer un concurso de ideas e que por suposto todo o mundo que teña algo que dicir que pase por aquí a dicilo antes de sacar o concurso.

5. ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2020.

Dado que estamos acercándonos xa a fin de ano e de feito este é o último pleno ordinario de 2019 preguntámonos en que punto da súa elaboración se atopan os orzamentos municipais para o ano 2020.

Solicitamos que nos sexa subministrada a información relativa aos orzamentos coa suficiente antelación para poder realizar as achegas correspondentes, tanto as dos grupos políticos municipais como as que, a través destes, poidan formular os diferentes colectivos sociais do concello. Unha maior participación só vai redundar na mellora deses orzamentos e da vida política do concello.

Responde o Sr. Alcalde que o antes posible, cando?, non o sei; a miña intención era traelo ao Pleno de hoxe pero non puido ser, a ver se para o mes que ven e o recibirán co tempo que se poida.

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que ela presentou un escrito con preguntas para este Pleno. Por secretaría se informa que desde o Rexistro do Concello non se distribuíu esa documentación. O Sr. Alcalde sinala que tampouco coñece ese escrito, pero que se responderán por escrito ou no próximo Pleno.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González